

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA 214.2.2 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2015

Nº DE PROTOCOLO^(*)

^(*) A encher polo SXAEA

1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

Asistencia técnica para labores de procesado de mostras, secado, moenda, lectura de espectros NIRS e análises de mostras non representadas por métodos de referencia

2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro de Formación ou investigación:

CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS DE MABEGONDO

Enderezo: Km 7, Estrada AC-542, Betanzos a Mesón do Vento KM 7,5

C. Postal: 15318

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

No CIAM consérvanse uno dos bancos de xermoplasma mais diversos e amplos de Galicia. Actualmente se conservan máis de 1.700 mostras pertencentes a 99 especies pratenses. Parte deste material está sendo avaliado en 3 fincas experimentais do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo), pertencente ao INGACAL (Instituto Galego da Calidade Alimentaria) sitas en:

- Mabegondo (A Coruña), 100 m de altitude, representativa da zona de costa con clima atlántico-húmido, (43° 14' N, 8° 16' O).
- Pobra de Brollón (Lugo), 400 m de altitude, zona interior, clima continental-mediterráneo, (42° 35' N, 7° 24' O).
- Marco da Curra (A Coruña), 600 m de altitude, zona de montaña interior, (43° 20' N, 7° 54' O).

En total se están a avaliar 15 poboacións naturais e 6 variedades comerciais de gramíneas pratenses seleccionadas polo seu posible interese na creación de variedades pratenses galegas para establecemento de pradeiras de longa e media duración co fin de ampliar a información existente e seleccionar aquelas gramíneas autóctonas mais adaptadas as condicións agroclimáticas de Galicia e a sistemas de baixo input de fertilizantes e herbicidas ou máis resistentes á seca e a enfermidades de cara a programas de selección e mellora xenética. Os datos agronómicos a estudar son de produción de materia seca, data de inicio de espigado, facilidade de implantación, persistencia, incidencia de pragas/enfermidades e resistencia ao encamado, así como calquera outra observación que a xuízo do coordinador científica sexa de relevancia.

Estes datos se completarán con estudos de calidade nutritiva mediante tecnoloxía NIRS, para o cal é necesaria una asistencia externa dado el elevado numero de mostras (252 mostras x 2 cortes x 2 repeticións).

4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Caracterización nutricional mediante tecnoloxía NIRS de 14 poboacións naturais galegas de raigrás inglés, raigrás italiano e festuca alta.

5.- METODOLOXÍA

A mostra fresca se pesará e se introducirá en estufa a 80°C durante 24 horas. Unha vez seca a mostra, se pesará de novo para coñecer a porcentaxe de materia seca. Unha parte se moerá a 1 mm en muiño de martelos e se procederá a rexistrar o espectro NIRS das mostras de forraxe moídas nun aparato NIRSystems 6500 (NYRSystems Inc., Silver Spring, MD, USA). Se realizará a predición da composición química e dixestibilidade da materia orgánica *in vitro* utilizando unha ecuación de calibración para forraxes frescas desenvolvida no CIAM. Os parámetros a estimar son: materia orgánica (MO), proteína bruta (PB), fibra neutro deterxente (FND), fibra ácido deterxente (FAD), carbohidratos solubles en auga (CSA) e dixestibilidade *in vitro* (IVDMO). No caso de que haxa mostras que o software detecte como non representadas na colección de calibración, serán estudadas e o 10% das analizadas por vía húmida (métodos de referencia) e engadidas á colección, co obxectivo de robustecer a calidade das predicións de composición química e valor nutricional de variedades pratenses realizadas por NIRS.